



PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

REVISIÓN Nº : DATA

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30/05/2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30/05/2023

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO

Táboa de contido.....	2
1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO EN RELACIÓN Á TIPOLOXÍA DO ALUMNADO	3
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES	3
3. OBXECTIVOS.....	4
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	5
4.1. PRINCIPIOS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	5
4.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	6
4.3. PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO	9
4.4. RELACIÓN DE PROGRAMAS DE IMPLEMENTACIÓN POTENCIAL E ORGANIZATIVAS PREVISTAS PARA TODO O CENTRO	10
5. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS	13
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESEÑADAS	17
6.1. MEDIDAS ORDINARIAS	20
6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	20
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN	21
7.1. MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNOS E COS CENTROS DE ADSCRICIÓN	21
7.2. REUNIÓN COS CENTROS DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA	22
7.3. REUNIÓN COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA	22
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO	22
8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES LEGAIS	22
8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS	23
8.3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO	24
9. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	24
10. MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS POLA CONSELLERÍA	25
11. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	26
12. ANEXOS:.....	26

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO EN RELACIÓN Á TIPOLOXÍA DO ALUMNADO

O concello de Valga, provincia de Pontevedra caracterízase pola dispersión da súa poboación en pequenas aldeas, non existindo un núcleo urbano propiamente dito. Isto fai que os gabinetes de atención ao alumnado con NEAE sexan escasos na zona. A maioría do alumnado matriculado en ambos centros é atendido no único centro de reeducación logopédica e pedagóxica que hai no concello, os restantes desprázanse a concellos limítrofes para recibir estas mesmas terapias ou outras diferentes (fisioterapia, terapia ocupacional...). A realidade laboral e económica do concello sitúase en torno a pequenas industrias familiares pero contando tamén con grandes industrias relacionadas sobre todo co sector do metal e da madeira. Os concellos limítrofes tamén contan con grandes industrias que dan postos de traballo a xente do concello. En canto ás familias, a situación económica é variada, pero polo xeral correspóndese cun nivel económico medio. O sector de produción dominante é o secundario. A media de fillos/ as por unidade familiar está entre un e dous. O nivel de estudos dos pais e nais, sitúase de xeito predominante no ensino obrigatorio. Polo tipo de traballo dos pais e nais, moitos/as nenos/as pasan un tempo considerable ao coidado das avoas e avós ou doutros familiares; o que implica diversas unidades de criterio na súa educación e pouco tempo para unha conciliación familiar efectiva. A maioría do alumnado dos dous centros é galego falante e bastante uniforme en canto a intereses, motivacións, capacidades e necesidades. Sendo as NEAE máis salientables do alumnado escolarizado no CRA: as dificultades no desenvolvemento da linguaxe (moito alumnado con múltiples dislalias e atraso no desenvolvemento lingüístico, dificultades atencionais, dificultades a nivel condutual e control dos impulsos e dificultades específicas de aprendizaxe.

O CRA de Valga está formado por 6 Escolas de Educación Infantil (EEI): Vilarello (Cordeiro), Ferreirós (Cordeiro), Xanza (Xanza), Chenlo (Valga), Campaña (Campaña) e Forno (Cordeiro), nas cales se escolariza alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil. As escolas teñen unha unidade na que están escolarizados alumnos/as de 3, 4 e 5 anos, en total a matrícula aproxímase aos 90 alumnos/as. Loxicamente, este dato é variable dun curso a outro. A metodoloxía empregada polas titoras (traballo por proxectos, ambientes de aprendizaxe de libre circulación, traballo cooperativo, disciplina e reforzo positivo...) favorece a educación inclusiva e, polo tanto, a adecuación do proceso de ensino aprendizaxe ás necesidades individuais de cada alumno/a. De acordo ás áreas de influencia o alumnado das EEI de Chenlo, Xanza e Campaña continúa a escolaridade no centro adscrito CEIP de Baño – Xanza (outro dos centros do concello con Departamento de Orientación propio) e o alumnado das EEI de Forno, Ferreirós e Vilarello no CEP Xesús Ferro Couselo.

En canto ao profesorado, o CRA de Valga (este curso) conta con 6 titoras de Educación Infantil, 2 mestras de apoio a esta etapa, 1 especialista en Educación Física, 1 especialista en Educación Musical, 1 especialista en Lingua Estranxeira, 1 especialista en Audición e Linguaxe propio, outra compartida co CEP Xesús Ferro Couselo e outro compartido coa EEI de Domo, 1 especialista en Relixión (compartida co CEP Xesús Ferro Couselo) e unha orientadora (compartida co CEP Xesús Ferro Couselo).

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Un dos pasos de maior importancia é partir das necesidades reais con que nos atopamos. Polo que, antes de iniciar o deseño do plan e expor cales van ser os obxectivos básicos do noso centro en canto á atención á diversidade, será necesario levar a cabo unha análise do contexto educativo, así como das necesidades da comunidade educativa, coa finalidade de delimitar o marco onde se desenvolve o plan, as principais lagoas de información... Para con todo iso, priorizar as necesidades do centro no seu conxunto e formular os obxectivos do noso plan en consecuencia. Así, dende o Departamento de Orientación e coa colaboración da comisión de coordinación pedagóxica e do claustro de profesores, realizamos unha valoración das necesidades a partir de diversos ámbitos: contexto ambiental do centro, profesorado, familias, alumnado, organización dos recursos persoais materiais e dos espazos, adecuación de aspectos curriculares...

Partindo desa análise inicial, as necesidades que se formulan para o presente plan son as seguintes:

- Necesidades relativas ao centro
 - Maior participación do profesorado na planificación educativa.
 - Asesoramento en cuestións legais

- Necesidades relativas ao alumnado
- Mellorar as avaliacións psicopedagóxicas e a actualización dos informes.
- Levar a cabo intervención grupais co alumnado para o traballo de: Habilidades sociais e xestión emocional, aceptar a diversidade como factor educativo enriquecedor, valorar o coidado e a hixiene persoal como aspectos importantes da convivencia, estimular o desenvolvemento dunha personalidade propia fronte a condutas de imitación de grupo así como a mellora dos procesos psicolóxicos básicos.
- Realizar informes para o alumnado que muda de etapa.
- Necesidades relativas ao profesorado
 - Dispoñer dun horario flexible e aberto de acordo coas súas necesidades.
 - Informar sobre os recursos técnicos e metodolóxicos actuais.
 - Potenciar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.
 - Necesidades relativas ás familias
 - Mellorar o traballo coas familias a través dun maior asesoramento establecendo pautas e compromisos de colaboración.
 - Promocionar a escola de nais e pais a través de boletíns informativos e a páxina web do centro, con temas de interese.
- Necesidades relativas ao contorno
 - Manter canles de comunicación e colaboración cos distintos servizos e institucións.
 - Manter un seguimento conxunto coas asociacións, gabinetes e entidades externas que interveñen co alumnado ANEAE.
- En canto ás necesidades específicas de apoio educativo do noso alumnado, concretamos:
 - alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe
 - alumnado con TDAH
 - alumnado con atraso na linguaxe
 - alumnado con discapacidade física
 - alumnado precoz, talentoso ou AACC
 - alumnado con atraso madurativo
 - alumnado con TEA
 - alumnado con dificultades de articulación: dislalias

3. OBXECTIVOS

Con este plan de atención á diversidade propoñémonos conseguir os seguintes obxectivos:

- Incorporar accións para a prevención das dificultades de aprendizaxe na área da linguaxe fundamentalmente.
- Avanzar na planificación e desenvolvemento de medidas preventivas e ordinarias de atención á diversidade.
- Definir pautas de intervención do profesorado de apoio específico.
- Priorizar as medidas preventivas e a detección temperá.
- Facilitar ao alumnado, en xeral, e aqueles que presenta necesidades específicas de apoio educativo, en particular, unha resposta rápida e o máis axeitada posible que, segundo os recursos dispoñibles, lle permitan optimizar o seu desenvolvemento persoal, social e curricular e como consecuencia de todo iso adquirir as competencias básicas no maior grao que lle sexa posible.
- Optimizar o uso dos recursos persoais, materiais e organizativos do centro.
- Favorecer ao desenvolvemento de propostas metodolóxicas e de avaliación que faciliten unha adaptación ás necesidades de cada escolar.
- Procurar procesos de avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais, nas que colabore todo o profesorado implicado.
- Promover o desenvolvemento de programas de intervención específicos segundo as necesidades do alumnado.
- Favorecer a implicación da familias na educación dos seus fillos/ as e, en xeral, na dinámica do centro.
- Potenciar os esforzos de coordinación cos Departamentos de Orientación doutros centros educativos do concello e cos Servizos Sociais.
- Facilitar a coordinación con axentes externos ao centro que realicen determinadas intervencións co alumnado (asociacións, servizos sanitarios...).
- Posibilitar a integración social e educativa, potenciando actitudes de aceptación e respecto en todo o alumnado.

- Establecer os mecanismos axeitados e as medidas de apoio e reforzo precisas que permitan detectar tanto as dificultades de aprendizaxe e superar o atraso escolar que puidese presentar o alumnado, así como o desenvolvemento intelectual do alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Marcar as pautas de actuación na titoría e orientación educativa do alumnado e na relación coas familias para apoiar o proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- Promover a formación do profesorado en temas relacionados coa atención á diversidade.

4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4.1. PRINCIPIOS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade garantirá o acceso e a permanencia no sistema educativo do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entendendo por tal o alumnado definido no artigo 71.2 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio e no artigo 6 da Orde do 8 de setembro de 2021. As medidas de atención á diversidade poderán ser tanto organizativas como curriculares e metodolóxicas, e permitirán ao centro, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas e dos recursos humanos e materiais que se lles asignen de acordo coa planificación educativa e unha atención personalizada ao alumnado en función das súas necesidades. Estas medidas, deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten no alumnado dificultades de aprendizaxe e estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas que presenten.

As medidas deberán contemplar a inclusión escolar e social do alumnado e, en ningún caso, poderán supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os obxectivos da etapa.

A atención á diversidade do alumnado será a pauta ordinaria da acción educativa, para o cal se favorecerá unha organización flexible, variada e individualizada da ordenación dos contidos e do seu ensino. De acordo con iso, o profesorado terá en consideración nas programacións dos contidos e das actividades as diversas situacións escolares e as características específicas do alumnado ao que atende.

O marco habitual para o tratamento do alumnado con dificultades de aprendizaxe, ou con insuficiente nivel curricular en relación co do curso que lle correspondería por idade, é aquel no que se asegure un enfoque multidisciplinar, asegurándose a coordinación de todos os membros do equipo docente que atenda ao alumno ou alumna e do departamento de orientación.

A atención ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo realizárase, ordinariamente, dentro do seu propio grupo. Cando a devandita atención requira un tempo ou espazo diferente, farase sen que supoña discriminación ou exclusión do devandito alumnado.

Durante o proceso de escolarización, o centro establecerá medidas de detección e atención temperá, co obxecto de que o alumnado que o requira alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.

As actuacións en materia de atención á diversidade do alumnado manterán unha continuidade entre cursos e etapas, para o cal se celebrarán reunións de titoría compartida entre o profesorado titor do último curso de cada etapa co do primeiro curso da etapa seguinte, co asesoramento do departamento de orientación, co obxecto de intercambiar información sobre as medidas de atención á diversidade que se estean a desenvolver e a súa eficacia, así como para coordinar criterios no tratamento do alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Ao comezo do curso escolar ou, no seu caso, no momento de incorporación do alumnado a calquera dos programas ou actuacións considerados no presente plan de atención á diversidade, o profesor/a titor/a, xunto coa xefatura do D.O., informada a Dirección de centro, porase en coñecemento da familia a medida adoptada, das súas características e da súa idoneidade, deixando constancia diso, e asinando coa familia

un compromiso educativo no que se plasmen as actuacións ás que se compromete a familia e o profesorado do alumno con respecto ao desenvolvemento e seguimento das medidas acordadas.

Teremos en conta o marco legal educativo, especificamente onde se concreta a atención á diversidade.

4.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No artigo 7 do Decreto 229/2011 e no art 41 da Orde do 8 de setembro do 2021 que concreta o anterior, defínense as medidas de atención á diversidade como “aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado”.

As medidas de atención á diversidade contempladas pola lexislación oscilan nun continuo que abarca desde a prevención ata a intervención directa específica e incluso, extraordinaria. É importante remarcar que estas medidas non van ligadas de forma permanente a colectivos concretos, calquera alumno ou alumna pode requirir ao longo da súa escolaridade a adopción de diferentes tipos de medidas.

Nos artigos 8 e 9 do Decreto 229/2011 (artículo 42 e 54 Orde do 8 de setembro de 2021) recóllense as medidas ordinarias e extraordinarias, respectivamente, e no artigo 4.5 establécese que “na resposta educativa á diversidade priorízanse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores”.

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

- **Atención ordinaria (artigo 8. Decreto 229/2011) (artigos 43 o 53 da Orde do 8 de setembro de 2021)**

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno/a. As medidas que se poden poñer en marcha son:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos), de organización e de xestión da aula de acordo coas características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas á contorna e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia, medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia (contemplado no Plan de Convivencia do centro).
- Desdobramento de grupos. Levarase a cabo coa proposta do equipo de nivel, oída a CCP e o Dpto. de orientación, decidido polo equipo directivo nas materias instrumentais.
- Reforzo educativo na aula por parte do titor/a ou docente da área. Elaborarase o plan segundo un modelo e reflexarase no XADE.
- Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. A xefatura de estudos (na súa ausencia a dirección) informará á xefatura do Departamento de Orientación desta dispoñibilidade e esta, tras a análise da situación e a valoración das necesidades, deseñará a proposta de actuacións e medidas organizativas a desenvolver para adecuar a resposta educativa ás necesidades do alumnado escolarizado no centro. Este apoio centrarase, preferentemente, en tarefas

colaborativas coas titoras, fundamentalmente en aspectos instrumentais, desenvolvemento de programas educativos, etc.

- Programas de enriquecemento curricular destinado ao alumnado con alta capacidade.
- Programas de habilidades sociais e benestar emocional. Levarase a cabo, na medida do posible con todos os grupos. O Plan marco será elaborado polo departamento de orientación e poderá irse variando cada curso escolar.

- **Atención extraordinaria (artigo 9. Decreto 229/2011) e (artigos 55 o 70 Orde do 8 de setembro de 2021)**

- **Adaptacións curriculares significativas (ACS):** Medida extraordinaria que implica a modificación dun ou máis elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos, competencias e criterios de avaliación) para atender as necesidades educativas dun alumno/a. Esta medida seguirá o procedemento establecido no art 55 da Orde do 8 de setembro de 2021 polo que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. A súa elaboración e desenvolvemento, conforme a un modelo (ver anexos) , será responsabilidade do mestre/a que imparte a área que debe ser adaptada, co asesoramento do orientador/a e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumno/a. O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se estimen necesarias. A familia será informada desta medida de atención a diversidade, do que quedará constancia por escrito. A avaliación do alumnado será realizada polo profesorado que imparte a materia, con colaboración do profesorado de apoio, no seu caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular. Os referentes da avaliación do alumnado con AC serán os incluídos en dita adaptación, sin que iso poida impedirlle a promoción ou titulación. A familia será informada das avaliacións das ACS dos seus fillos, realizando as titorías esa información coa colaboración do equipo docente e a XDO. A ACS reflíctese no boletín de informacións ás familias e nos documentos oficiais de avaliación (actas de avaliación, expediente académico, historial académico, informe persoal por traslado, se é o caso, informe de avaliación de final de ciclo e informe de avaliación final de etapa).

- Proceso de elaboración: Realizarase a pertinente avaliación psicopedagóxica, competencia da xefatura de orientación que emitirá o correspondente informe psicopedagóxico. A XDO conformará o expediente de AC, que se axustará ao modelo que se recolle nos anexos do presente plan. Acompañarase dunha copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a AC.

Reunión, coordinada pola xefatura de estudos, á que asistirán os mestres de todas as áreas e os profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica. Nesta reunión decidirse a pertinencia da adaptación, as áreas que se adaptarán así como aqueles elementos do currículo que deberán ser modificados.

Redacción do documento (ACS). Os mestres/as que imparten as áreas obxecto de adaptación curricular achegarán a programación destas e o/a orientador/a elaborará a parte formal do documento. Posteriormente frase unha reunión de todas as persoas implicadas, baixo a coordinación da xefatura de estudos (na súa ausencia do director/a), para a revisión do documento previa á súa remisión á inspección educativa.

A Dirección do centro enviará o Expediente de AC para a súa autorización a Inspección Educativa. Que emitirá un informe sobre súa autorización ou denegación.

- Plazo: Antes de finalizar novembro, con carácter xeneral e exceptuando os casos das AC que formen parte das flexibilizacións (que teñen outros prazos regulados no art. 58 da orden do 8 de setembro de 2021). Polo tanto as ACS estarán rematadas e aprobadas no 1º trimestre, antes da 1ª avaliación, para poder ser o referente da avaliación do

alumno. Para elo é conveniente establecer prazos no proceso de elaboración, os cales se indican a continuación:

- Solicitud de avaliación psicopedagóxica: no 1º mes do curso, tras a avaliación inicial.
- Primeira reunión coa xefatura de estudos(director/a): 2ª quincena de outubro.
- Elaboración das programacións e entrega ao orientador/a (en soporte informático) para a elaboración do documento: 1ª quincena de novembro.
- Remisión do documento á inspección educativa: 2ª quincena de novembro, tras a reunión de revisión do documento.
- Formarán parte do expediente do alumno/a o unha copia da AC xunto coa súa autorización por Inspección Educativa.
- A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo ou un curso, en función da etapa educativa. Calquera modificación que se realice referida os elementos prescriptivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte de Inspección Educativa.
- A familia ten dereito a que se lles facilite, por parte do centro e con previa solicitude, unha copia da AC autorizada.

- **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.**

Consiste no apoio temporal dun mestre especialista en audición e linguaxe e/ou en pedagogía terapéutica, dentro ou fóra da aula ordinaria. A intervención dos especialistas estará explicitamente recomendada no informe psicopedagóxico realizado polo/a orientador/a. Recurso para a atención educativa do alumnado con NEE e de forma excepcional, NEAE.

- Funcións: Colaborar coa XDO na proposta de organización da docencia de apoio. Atención docente directa o alumnado NEE e excepcionalmente NEAE. (Esta atención será proposta pola XDO a Xefatura de Estudos (na súa ausencia director/a) e autorizada pola dirección do centro). Elaborar os Programas de Intervención, coa colaboración do profesorado titor e en colaboración coa XDO. Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das Acs. Participar na elaboración e desenvolvemento das MAD do alumnado. Realizar un Informe individual do alumnado atendido a final de curso. Asistir as sesións de avaliación con Voz pero sin Voto e as que dispoña a Administración no marco da Atención a Diversidade.
- As actuacións do AL centraranse prioritariamente nos ámbitos de: Comunicación, Linguaxe e fala.
- Contexto: Con carácter xeneral a atención levarase a cabo dentro da aula ordinaria e excepcionalmente fora.
- Requisitos: Será preciso que a medida conste no informe psicopedagóxico do alumnado. Non excederá da terceira parte do horario lectivo semanal. O máximo de alumnos/as atendidos simultaneamente será de 5.
- As intervencións de AL que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado soamente ocupará unha fracción do período lectivo, quedando exenta dos requisitos anteriores.
- Os modelos de programa de intervención e informe final do alumnado atendido recóllense nos anexos do presente plan.

- **Flexibilización do período de escolarización:** Consiste na redución, no caso de alumnado con Altas Capacidades, ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, en caso de alumnado con NEE. En caso de redución en Educación Infantil está será como máximo dun curso podendo iniciar a EP o ano natural no que se cumpren os 5 anos. En canto os prazos e procedementos estes levaranse a cabo segundo o establecido no artigo 58 da orde do 8 de setembro de 2021. Correspondéndolle a xefatura do DO a realización do informe psicopedagóxico que acredite as AACC(no caso de redución) ou as NEE (no caso de ampliación) . Así como o expediente de adaptación curricular.

No caso de ampliación na etapa de EI a ampliación tamén será como máximo dun curso non podendo permanecer nesta etapa máis alá do ano natural en que se cumpran os 7 anos, cumprinos no ano natural no que finalice o curso escolar. Si se amplía o primeiro ciclo de EI, a incorporación o segundo ciclo será no primeiro curso. En canto os prazos e procedementos estes tamén se levarán a cabo tendo en conta o recollido no artigo 58 da Orde do 8 de setembro de 2021.

- **Atención educativa ao alumnado que por circunstancias diversas, presente dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo,** de acordo co protocolo correspondente e co establecido no artigo 25 do Decreto 229/2011 e no artigo 62 da orde do 8 de setembro de 2021.
- **Atención educativa al alumnado sometido a medidas de protección y tutela. (D.229/2011, art. 27 e Art 64 O. 8/09/2021)**
- **Atención educativa al alumnado afectado por medidas de violencia de género y/o acoso escolar (D.229/2011, art. 28 e Art 65 O. 8 /09/2021):** Este artigo amplía o que establece el art. 28 del D.229/2011 para o alumnado afectado por violencia de xénero o acoso. Recollendo a posibilidade da escolarización inmediata deste alumnado noutro centro, circunstancia que recolle el D.13/22 no seu art. 16 como posibilidade de escolarización extraordinaria.
- **Atención educativa al alumnado perteneciente a familias itinerantes. (D.229/2011, art. 29 e art 66 O. 8/09/2021)** É aquel que, por razóns socioeconómicas da súa familia, non asistir de xeito continuado o mesmo centro, por ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar. A xefatura Territorial garantirá a escolarización deste alumnado. Así o D.13/22 de admisión establece como causa para a escolarización extraordinaria o traslado da unidade familiar por mobilidade forzosa das persoas proxenitoras ou titoras.) En consecuencia os centros promoverán a inclusión deste alumnado e porán a súa disposición as medidas de atención a diversidade que precise, así como, no seu caso, os servizos complementarios de transporte y comedor.
- **Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro (artigo 67 O. 8/09/2021)** Esta orde deroga a O. 20 febreiro 2004 que é a que regulaba a atención específica o alumnado estranxeiro. Todo o contido en relación a este concrétase nos artigos 67, 68 e 69 de dita orde. Sendo o 67 para definir o alumnado estranxeiro e marcar pautas xerais de atención e o 68 e 69 regulan respectivamente o grupo de adquisición de linguas e de adaptación da competencia curricular, non sendo este último de aplicación na Educación infantil.
- **Grupos de adquisición de linguas (art 68 orde do 8 de setembro de 2021):** A súa finalidade e o impulso no coñecemento das linguas incorporándose, canto antes, as actividades de aprendizaxe do grupo ordinario. Esta medida pode aplicarse excepcionalmente en 6º de Educación infantil. O alumnado obxecto desta medida será: alumnado estranxeiro con descoñecemento das dúas linguas cooficiais de Galicia, que pertenza a unha mesma etapa e podendo pertencer a cursos distintos. O tempo máximo para estes grupos será dun trimestre e de 5 períodos lectivos semanais máximos de permanencia no grupo para 6º EI. En educación infantil será impartido por profesorado con dispoñibilidade horaria de calquera especialidade coa coordinación da titoría e o asesoramento da XDO. Procedemento de solicitude recollido no artigo citado con anterioridade.

4.3. PROCEDEMENTOS PARA A DETECCIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

- **Avaliación inicial**

Ao inicio de curso o titor/a revisará os expedientes do alumnado para ter en conta as necesidades que se detectaron. Cando un mestre/a detecta alumnado con problemática de conduta ou de aprendizaxe significativas, poñerase en marcha un protocolo de actuación que implica:

- Unha reunión inicial do titor/a e/ou do equipo docente co Orientador/a.
- Posta en marcha do protocolo de actuación para realizar a avaliación psicopedagóxica.

- **Avaliación psicopedagóxica**

Realízase sempre que exista demanda por calquera membro da comunidade educativa (profesorado ou familia) e especialmente, en momentos nos que sexa preciso fundamentar decisións sobre:

- Modalidade de escolarización.
- Proposta de flexibilización do período de escolarización.
- Elaboración de ACS.
- Determinación de recursos e apoios específicos para o alumnado.

Descríbimos o procedemento/protocolo para a solicitude desta avaliación:

1. O titor/a informa á persoa orientadora e esta á súa vez á Dirección/Xefatura de Estudos da necesidade de realización da avaliación psicopedagóxica para un alumno/a.
2. Cubre a solicitude de demanda (segundo modelo do protocolo (ver anexos) e entrega no DO).
3. Entrevista da xefatura do DO co titor/a para completar información.
4. Entrevista coa familia para explicarlle a situación e demandar a súa autorización para a realización da avaliación psicopedagóxica.
5. Revisión da documentación existente no centro sobre o alumno ou alumna.
6. Realización da avaliación propiamente dita.
7. Elaboración do Informe Psicopedagógico.
8. Información sobre os resultados da avaliación á persoa titora e á familia e autorización para a adopción das medidas propostas. Derivación médica para diagnóstico clínico se fora preciso ou solicitude de intervención por parte do Equipo de Orientación Específico.
9. Apertura da ficha de alumnado con necesidades educativas para incorporar ao expediente (ao final de curso xuntarase copia no arquivo de Secretaría).

4.4. RELACIÓN DE PROGRAMAS DE IMPLEMENTACIÓN POTENCIAL E ORGANIZATIVAS PREVISTAS PARA TODO O CENTRO

Partiremos dun modelo de intervención por programas, baseado nuns principios que permiten “adiantarse aos acontecementos” e incidir no problema o máis cedo posible, encamiñando a acción á prevención e á detección temperá. Neste senso no centro vanse desenvolver diversos programas, aínda que estes, veranse complementados con medidas de tipo correctivo para grupos de risco e unha atención individualizada dirixida a alumnado cunha problemática máis específica, nos casos que sexa necesario. Promoveremos e desenvolveremos os seguintes programas, sempre adaptándonos ás circunstancias, particularidades e necesidades do alumnado e do centro:

- **Programa de estimulación da linguaxe en Educación Infantil:** Nel abórdanse obxectivos relativos ó eido da linguaxe oral e os contidos impártense en base a actividades formuladas con carácter lúdico. O plan terá o propósito básico de favorecer o desenvolvemento lingüístico, á vez que previr, na primeira etapa da escolarización, as dificultades relacionadas coa linguaxe.
- **Programa de detección de déficits sensoriais:** por parte da persoa orientadora en colaboración cos titores/as.

- **Programa de dominancia lateral** (6º EI) por parte da persoa orientadora en colaboración cos titores/as e mestre/a de educación física.
- **Programa de detección da capacidade cognitiva** (aplicación BADyG EI no 6º nivel de EI).
- **Programa de atención domiciliaria:** Será destinatario de atención domiciliaria o alumnado que deba permanecer convalecente no domicilio por un período de tempo superior a un mes e/ou que padeza algunha enfermidade crónica que o manteña lonxe das aulas seis ou máis días continuados cada mes, nun período mínimo de seis meses. O centro, a través do D.O., proporcionará aos servizos de atención educativa hospitalaria e domiciliaria toda a información relativa ao alumnado, especialmente no referido á súa competencia curricular. O centro, en colaboración co mestre/a asignado ó servizo, establecerá un programa individualizado de atención educativa no que se terán en conta as necesidades educativas especiais asociadas á situación do/a alumno/a. O servizo de atención hospitalaria e domiciliaria remitirá ao centro os informes relativos ao seu progreso con regularidade, e sempre cando finalice esta modalidade de atención educativa.
- Ademais o presente curso o centro conta cos seguintes **contratos-programa dependentes da Consellería de Educación**, os cales favorecen unha mellor atención a diversidade de todo o alumnado: CP Innova (Eduinnova, Edusaúde, Edusostibilidade e Educualidade) e dentro do CP Inclúe-T(Quéda-T, Iguala-T, Convive-T, Inclúe-T e Emociona-T). Así como cos seguintes **Plan Proxecta:** Aliméntate ben, Terra, PVAD, Paisaxe e Sustentabilidade, Vexo,Veo Xacobeo, Proxecto Ríos, Mestres Gandeiro e Donas de Sí.
- **Plan de atención ao alumnado con TEA e Plan de atención ao alumnado con síndrome de Down.** Propoñemos un protocolo de actuación baseado nas seguintes premisas:
 - Faise fundamental coñecer as características especiais deste alumnado polo que a xefatura do D.O. deberá transmitirle información á comunidade educativa sobre o tema.
 - Estruturação espacial e temporal do centro e da aula con pictogramas para facilitar a integración e a autonomía persoal.
 - Elaboración de carteis/pictogramas coas normas do centro para ser colocados en espazos visibles.
 - Uso de pictogramas como apoio á labor docente.
 - Información ao profesorado e persoal non docente das problemáticas que poden aparecer durante o patio, nas entradas e saídas e nos momentos de lecer e establecemento de estratexias de intervención para evitar conflitos e favorecer a integración.
 - Cambios na estruturação dos xogos no patio para facilitar a inclusión de todo o alumnado.
 - En todo caso teremos en conta o Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista (TEA) e Síndrome Down, publicados pola Consellería de Educación.
- **Plan de absentismo escolar.** Existe un protocolo, recollido no PE, nas NOF e no Plan de Convivencia, a seguir en casos de absentismo escolar que o centro porá en marcha cando se detecte esta circunstancia. Baséase no Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, publicado pola Consellería de Educación. As medidas centraranse en primeiro lugar na prevención:
 - Informar ás familias nas reunións de principios de curso.
 - Establecer vínculos afectivos coas familias e co alumno en risco de exclusión.
 - Realizar actividades de sensibilización co alumnado sobre a importancia de asistir a clase.
 - Notificación á familia das faltas de asistencia e información a través da titoría.
 - Inclusión no PAT, Plan de Convivencia e Plan de acollida.

- **Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.** De acordo co editado pola Consellería de Educación.
- **Protocolo de Prevención, Detección e Intervención do risco suicida no ámbito educativo.** De acordo co editado pola Consellería de Educación.
- **Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.** De acordo co editado pola Consellería de Educación.
- **Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.** De acordo co editado pola Consellería de Educación.
- **Plan de acción tutorial.**
- **Plan de convivencia.** A normativa actual da Comunidade Autónoma de Galicia referida á convivencia escolar, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no seu artigo 10, fai mención ao plan de convivencia e normas de convivencia, indicando a súa inclusión no proxecto educativo de cada centro (PE). Así mesmo, o artigo 11 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que o PE de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. Este plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, obxectivos, directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.
- **Protocolo e Plan de acollida do alumnado:** para o alumnado de nova incorporación e incorporación tardía.
 - 3 anos (xornada de portas abertas no mes de febreiro, xornada de visita do alumnado admitido no mes de xuño, entrevista ás familias e período de adaptación segundo o recollido no plan de acollida do centro).
 - Procedente doutros centros (dinámicas de coñecemento do grupo e cohesión).
 - Inmigrante (protocolo consellería de Educación):
 - Acollida á familia
 - Avaliación inicial e adscrición
 - Acollida do alumnado na aula
 - colaboración con outras entidades
- **Protocolo de acollida das familias:** admisión (xornadas de portas abertas coa entrega de trípticos informativos sobre os espazos e funcionamento de cada unha das escolas, no mes de febreiro. E o inicio de curso entrevista inicial coas titoras e entrega de toda a información por escrito do que será o curso escolar co listado de profesorado, calendario, horario, normas, PDI, menú de merandas saudables, etc.).
- **Protocolo de acollida do profesorado de nova incorporación,** que deberá ser informado en varios aspectos (os cales se recollen no plan de acollida do centro):
 - Documentación do centro.
 - Calendario escolar e horarios.
 - Organización e funcionamento do centro.
 - Plans de formación.
 - Servizos e instalacións do centro.
 - Funcionamento do Departamento de Orientación.
 - O PAT.
- **Formación do profesorado en relación coa atención á diversidade, no marco dos PFPP** (propostas do equipo docente e DO segundo as necesidades do centro para cada curso).
- **Protocolos e programas específicos dentro do Plan de Convivencia:**
 - o Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
 - o Protocolo ou programa de mediación.

- Programa de habilidades sociais. Ten como grandes finalidades a prevención de condutas disruptivas debendo contemplar á totalidade do alumnado e ser “traballado” polo profesorado titor e aplicado pola totalidade do profesorado.
- Plan de Benestar emocional cuxa finalidade e a mellora da xestión emocional de todo o alumnado e por ende da mellor xestión dos posibles conflitos que poidan xurdir entre ele. Darase prioridade a aqueles que se consideren máis beneficiosos en cada momento en función das necesidades do alumnado.

5. MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

A atención á diversidade, e en especial ó alumnado con NEAE, deberá contar cunha dotación adecuada de material, de profesorado especialista (PT, AL, orientador/a...), espazos e tempos. En consecuencia, os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material específico e que profesorado especialista se require para ofrecer a eses alumnos e alumnas unha atención de calidade.

A escolarización de alumnado con NEAE requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes/as presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos lavabos, etc. deberán adaptarse ás circunstancias específicas do alumnado con NEAE; todo o cal debe quedar claramente determinado nos informes de escolarización e/ou atención.

Por todo isto, destacamos como unha liña base de organización, as reunións do Departamento de Orientación, onde se coordinarán as intervencións e se establecerán os criterios para a organización de ditas intervencións.

Así mesmo, consideramos como criterios de importancia a ter en conta á hora de organizar os recursos e as medidas de atención á diversidade os seguintes:

ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS PERSOAIS: O centro conta coa dotación de persoal específico para atender aos ANEAE (no momento en que se elabora o presente PXAD):

- Unha mestra especialista en Pedagogía Terapéutica compartida co CEP Xesús Ferro Couselo.
- Unha mestra especialista en Audición e Linguaxe.
- Un mestre especialista en Audición e Linguaxe compartido coa EEI de Dima.
- O resto do profesorado do centro, titores/as e mestres/as especialistas en Música, Educación Física, Inglés, etc., deberán realizar e colaborar nas medidas curriculares que poidan favorecer a atención á diversidade de todo o alumnado.
- A xefatura do Departamento de Orientación.
- O Equipo Directivo.
- Unha A.T.E.

Os criterios para a súa organización e distribución son os seguintes:

- As intervencións poderán organizarse de forma individual ou en pequeno grupo e estarán vinculadas sempre ao currículo escolar.
- Poderán levarse a cabo dentro ou fóra da clase, en función das necesidades do alumnado, pero priorizando sempre o apoio dentro da aula e tan só en casos excepcionais fóra da mesma.
- Os apoios irán dirixidos a reforzar as aprendizaxes instrumentais.
- É fundamental e preceptiva a coordinación titor-profesor de apoio-orientadora.
- O horario e número de apoios será determinado polo departamento de orientación, sendo flexible en función da evolución do alumno/a.
- As decisións sobre o horario de atención a cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, así como a modalidade de intervención (individual, en pequeno grupo, dentro ou fóra do aula) será adoptada polo/a xefe/a do DO, en colaboración co titor/a e o profesorado de apoio.
- O profesorado que imparta apoios determinarase en base á seguinte priorización:
 - Titoras e apoio a EI para reforzos, apoios, desdobre de grupos por desfaseamentos de currículo.

- Titoras e apoio a EI para ampliación ou intensificación da aprendizaxe ao alumnado con altas capacidades.
- Profesorado con dispoñibilidade horaria para reforzos, apoios,... tanto por desfase como por causa de altas capacidades.
- Profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe.

ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS MATERIAIS: teremos en conta que os materiais están intimamente relacionados con todos os elementos da acción educativa e especialmente coa metodoloxía e o tipo de actividades a realizar. Os recursos son facilitadores da aprendizaxe, non condicionantes del. A súa finalidade esencial é apoiar o labor de ensino, axudando á presentación de contidos, motivando e reforzando a aprendizaxe, guiando a actividade do alumno/a, provocando experiencias de aprendizaxe. Na selección do material didáctico deberemos ter en conta que este: sexa motivador, apoie a presentación dos contidos a aprender, estea ben estruturado.

Consideramos importante adaptar as áreas de coñecemento da EI ás posibilidades do alumnado de forma que comprendan significativamente a mensaxe que presentan. Para iso: manteremos unha actitude crítica ante os medios didácticos, sempre que poidamos elaboraremos o noso propio material, dadas as necesidades educativas específicas do alumnado daremos moita importancia a que as aprendizaxes "novas" se ensinen a partir de materiais "manipulativos", propomos materiais impresos variados: métodos de lectoescritura, material de estimulación da intelixencia, material de logopedia, contos, material para o traballo dos procesos psicolóxicos básicos, estimulación sensorial, materiais pictográficos e visuais, materiais para o traballo do proxecto que cada ano leve a cabo a centro... Tamén se fará uso dos formatos dixitais xa que: Axudan na comunicación oral e escrita, axudan a facilitar o abstracto, favorecendo a súa comprensión, combaten a teorización e o verbalismo expositivo, fomentan o papel activo e investigador, estimulan a atención e a motivación...

ORGANIZACIÓN DOS TEMPOS E OS ESPAZOS: na primeira reunión que celebre o DO ao comezo do curso escolar abordaranse os seguintes aspectos relativos aos apoios:

Tendo en conta a información de que dispoñemos sobre as características do noso alumnado, a análise da previsión de apoios realizada o curso anterior, o alumnado de nova matrícula susceptible de apoio e o horario de asignación ao centro do profesorado especialista, farase unha primeira proposta dos alumnos/as susceptibles de recibir apoio por parte do profesorado de PT e/ou AL e aqueles que van recibilo por parte do profesorado ordinario. En función das características dos grupos, xa constituídos, e das posibilidades reais que ofrezca o centro, farase unha previsión dos tipos de apoio que conveña organizar.

Establecerase un calendario de reunións entre os titores/as, os profesores de apoio, a xefatura do DO e a dirección do centro, para concretar os apoios (alumnado atendido, espazos, tempos, áreas,...) que van impartir tanto os especialistas como os profesorado ordinario para completar horario.

Os/as profesores/as especialistas en PT, AL e a/o xefa/e do DO, poderán e deberán orientar e achegar ao profesorado material e pautas adecuadas para atender ao alumnado.

As familias do alumnado que van recibir algún tipo de apoio educativo, ben por parte do profesorado especialista ou ben por parte do profesorado ordinario, deberán ser previamente informadas polo/a profesor/a titor/a sobre as medidas que se van a adoptar co seu fillo/a e dos obxectivos que se pretenden conseguir.

Co fin de facer unha valoración o máis completa e precisa posible das necesidades de cada alumno/a, durante o mes de setembro levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Revisión e estudo de documentación relativa ao alumnado con NEAE, por parte do profesor titor/a e mestres AL e PT e a/o xefa/e do DO.

- Revisión dos expedientes académicos do alumnado, por parte dos profesores/as titores/as de cada grupo e xefa do DO e especialmente aqueles que contaron con apoio ou reforzo educativo.

As intervencións de apoio educativo aos alumnos/as comezarán cando se realice o horario dos apoios.

Os recursos espaciais condicionan notablemente os procesos de E/A do noso alumnado. A organización que adoptemos será coherente coa metodoloxía a desenvolver e a organización das actividades. Sempre que poidamos o apoio será dentro da aula pero, en ocasións e tal como se dixo con anterioridade será máis efectivo realizar un apoio fóra da mesma (sobre todo no caso dos alumnos atendidos polos especialistas de AL). Contamos cos seguintes espazos:

- a) Aula polivalente de cada unha das escolas, como lugares de apoio directo a alumnado fóra de aula cando se precise. Algunhas das escolas dispoñen tamén de aulas exteriores que se poderán empregar cando as condicións climatolóxicas o permitan.
- b) O departamento de orientación que é usado como despacho da xefatura do departamento e tamén como espazo para efectuar avaliacións psicopedagóxicas (do alumnado da escola de Campaña, empregando para o resto de alumnos/as as aulas polivalentes) e como centro de recursos de material relacionado con estas especialidades.
- c) Dispoñibilidade do resto de espazos de todas as escolas, para levar a cabo as actividades de orientación que sexan precisas.

Os criterios para a súa organización e distribución son os seguintes:

Os criterios xerais para decidir se o alumnado recibe a atención dentro ou fóra da aula, se será apoio individual ou en grupo ou se o apoio será previo, durante ou posterior á actividade da aula ordinaria, será unha decisión coherente, coordinada e consensuada entre o/a mestre/a especialista, titor/a, Equipo Directivo e DO.

En xeral os apoios:

- a) Realizaranse dentro da aula cando non supoña unha alteración do desenvolvemento da clase e o alumno/a poida seguir en certa medida os contidos da aula.
- b) Realizaranse fóra da aula para traballar aspectos concretos das necesidades do alumno e/ou cando a conexión coa programación da aula sexa escasa.
- c) Realizaranse en pequeno grupo cando as dificultades e necesidades que presentan os alumnos/as sexan similares.
- d) En E. Infantil os apoios faranse preferentemente dentro da aula. Agás no caso das intervencións específicas dos especialistas de AL.
- e) Evitarase que as horas de apoio do alumnado coincidan co horario das áreas que favorecen a súa socialización ou que poidan seguir con menor dificultade (E. Física, Música, inglés, desdobre do grupo e PELO).

En canto **os criterios de utilización dos servizos de apoio**, tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, a xefatura de orientación establecerá a proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e, de ser o caso, outros profesionais específicos, e coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de apoio. Teranse en conta os seguintes criterios por orde de prioridade:

- a) Alumnado con NEAE permanentes (problemas de audición e linguaxe graves, trastornos motóricos, trastornos da personalidade, con discapacidade intelectual, sobredotación...).
- b) Alumnado con NEAE transitorias: por ter retraso de aprendizaxe (desaxuste dun nivel ou máis respecto do grupo), por vir doutro sistema educativo (Alumnado estranxeiro), por pertencer a grupo social desfavorecido, por ter estado enfermo, por pertencer a un grupo-clase de especial dificultade, por absentismo escolar.

Concretando os **criterios para poder recibir apoio PT/AL**, establecemos:

- a) Requisitos: alumnado valorado polo DO con informe psicopedagógico.
- b) Con relación ao tipo de alumnado: A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso (pola incorporación de alumnado con dificultades, pola necesidade de mellorar a atención...). Tendo en conta a orde do 8 de setembro do 2021 o profesorado especialista en PT e AL atenderá de xeito prioritario ó alumnado NEE e só se é posible o alumnado NEAE. Cando non sexa posible, o alumnado NEAE será atendido por profesorado con dispoñibilidade horaria.

Procedemento de organización e asignación de apoios:

Avaliación Inicial. Realizada polo profesorado titor en colaboración co profesorado de PT/AL durante os primeiros días de curso ou pola orientadora, se é o caso (deberase solicitar avaliación psicopedagóxica naqueles casos que así o requiran). A priorización á hora de abordar a intervención do alumnado con NEAE relativa á elaboración de avaliacións psicopedagógicas quedará vinculada aos seguintes criterios:

1. Alumnado de 4º EI (curso no que se establecen reserva de praza).
2. Alumnado que o precise para acompañar outros trámites: solicitude de beca, ACS, intervención do EOE...
3. Alumnado por orde de entrada da demanda no DO
4. Alumnado que nos cursos anteriores non foi atendido no DO, será prioritario; prevalecen as novas demandas fronte ás revisións/modificacións daqueles que xa contén con expediente no DO.

Valoración de resultados. Despois da avaliación psicopedagóxica realízase a proposta de alumnado que precisa medidas educativas e determinación do tipo de apoio (intervención especializada e non especializada) de acordo co desfase curricular detectado:

- **Apoios especializados.** Orientados ao alumnado que amose maiores dificultades na aprendizaxe ou/e que presente maior desfase na súa competencia respecto do resto da clase, serán asignados unha vez analizados os informes da avaliación psicopedagóxica e inicial. Serán realizados polo profesorado de PT/AL. Os/as mestres/as especialistas en PT e AL elaborarán o correspondente programa de intervención para cada alumno/a, que poderá variar ao longo do curso en función da evolución do alumnado. Participarán nas sesións de avaliación xunto co resto do equipo docente e facilitarán información á titoría sobre a evolución do alumnado para que a inclúa nas avaliacións trimestrais. Rematado o curso realizarán os informes finais e a proposta para o curso seguinte. Concretamos a documentación que o profesorado especialista en AL e PT aportarán ao longo do curso, de acordo cos modelos do protocolo do DO:
 - o Programación e plan de traballo específico para cada alumno/a.
 - o Informe de avaliación final.
 - o Informe con proposta de alta do alumnado.
- **Apoios non especializados.** Orientados ao alumnado que presenta menor desfase na súa competencia respecto do resto da clase. O número de sesións e duración estableceranse segundo a necesidade e logo da proposta da orientadora xunto co equipo directivo. O traballo a desenvolver nestes apoios será programado polo profesorado titor en colaboración co profesorado que faga o apoio. A familia recibirá información de todos os aspectos referidos aos apoios que se precisan e asinarán no documento contemplando no protocolo do DO. Farase unha asignación de apoios non especializados considerando os seguintes criterios:
 - o Asignar os apoios segundo os criterios de priorización e tendo en conta os recursos humanos e temporais.
 - o Posibilitar as medidas de atención de tipo curricular e de tipo organizativo (grupo de adquisición das linguas) que sexan precisos para a atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro en caso de habelo.
 - o Dar atención ao maior nº de alumnado con dificultades de aprendizaxe.
 - o Empregar os recursos de apoio preferentemente no mesmo nivel ou no máis próximo, tendo en conta as horas non cubertas con docencia directa e as especialidades do profesorado que realiza os apoios.
 - o Conceder o maior nº de horas de apoio as aulas de especial dificultade para previr

dificultades académicas posteriores, permitindo a inclusión na clase e nas mellores condicións.

- o Compatibilizar na medida do posible o horario do grupo-clase co horario de apoio, o profesorado titor elaborará o horario de aula tendo en conta os apoios.

Avaliación do desenvolvemento dos apoios: Intervirá a dirección en colaboración co profesorado que intervén nos apoios, o/a orientador/a e o profesorado titor. Como mínimo farase unha reunión trimestral para facer o seguimento.

- **Outros apoios que se poidan precisar.** Criterios para determinalos:

- Por ter o grupo unha elevada porcentaxe de alumnado con NEAE.
- Conflitividade no grupo de alumnos/as.
- Especial dificultade na aula por ter ratio elevada.
- Por discapacidade transitoria ou permanente do profesorado que o xustifique.
- Por especial dificultade dun recurso material a empregar.
- En saídas escolares, cando haxa dificultades ou conflitos co grupo.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS DESEÑADAS

O Departamento de Orientación desenvolverá as súas funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional e terá as seguintes competencias: Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia. Artigo 10:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos/as do seu entorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola CCP, propostas do Plan de Orientación Académica e do Plan de Acción Titorial, así como coordinar o profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans. Participar na elaboración, seguimento e avaliación do Proxecto Educativo e da Concreción Curricular incluída nel, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios da avaliación formativa e, cando sexa necesario, na adecuación dos criterios de promoción.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presente o alumnado.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitar á comunidade educativa o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, coma o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e outros relacionados co seu ámbito de actuación.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Establecer canles de comunicación dos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.
- Aquelas outras que a Administración Educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

A Xefatura do D. de Orientación terá as seguintes funcións (artigo 11):

- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do DO.
- Responsabilizarse da redacción do Plan de Actividades do Departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a Memoria final do curso.
- Representar o departamento na CCP.
- Convocar e presidir as reunións do D.O. levantando a acta correspondente.
- Asistir ás reunións convocadas pola xefatura do DO do instituto de educación secundaria ao que está adscrito.
- Velar pola confidencialidade dos documentos, cando proceda.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Coordinar, en colaboración co profesorado de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas, elevando á Xefatura de Estudos, cando sexa necesario, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Participar nas sesións de avaliación, con voz pero sen voto, a fin de ofrecer asesoramento e apoio ao profesorado.
- Facilitar a colaboración entre os membros dos DO do contorno.
- Aquelas outras funcións que a Administración Educativa lle poda asignar referidas á orientación.

O/a mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica terá as seguintes funcións:

- Asesorar na elaboración das ACS.
- Intervir co alumnado que no seu informe psicopedagóxico, ou no posterior seguimento, o orientador/a especifique a necesidade de apoio especializado por parte deste profesorado.
- Participar na avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Colaborar co titor/a na orientación / coordinación coas familias.
- Elaborar materiais específicos e recursos para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar na coordinación e seguimento das medidas propostas cos titores/as, mestres especialistas e PT e/ou AL e resto do profesorado.

O profesorado especialista en Audición e Linguaxe terá as seguintes funcións:

- Asesorar na elaboración das ACS nos aspectos relacionados coa comunicación e a linguaxe.
- Valorar as necesidades educativas relacionadas coa comunicación e a linguaxe.

- Intervir co alumnado que no seu informe psicopedagógico, cando o orientador/a especifique as necesidades de apoio especializado por parte deste profesorado. O ámbito de intervención estará relacionado con:
- Trastornos da linguaxe (afasias, disfasias, atraso da linguaxe...)
- Trastornos da fala, especialmente aqueles que teñan incidencia na lectoescritura.
- Déficits nas habilidades psicolingüísticas.
- Asesorar ao profesorado, e en especial na etapa de Educación Infantil, sobre a resposta educativa con alumnado que presenta dislalias
- Diseñar e por en marcha programas de estimulación da linguaxe na etapa de Educación Infantil, como medida preventiva.

As funcións do/a titor/a relacionadas coa atención á diversidade son:

- Participar no desenvolvemento do PAT e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento, así como os aspectos da relación familiar e escolar que repercuten no seu rendemento académico.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar dificultades e necesidades específicas a fin de propiciar a atención temperá.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnado do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Informar ao equipo docente do grupo das características do alumnado, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
- Adecuar as programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Utilizar metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptar os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias e fomentar a colaboración destas nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade do alumnado do seu grupo, e ter informadas ás familias e á xefatura de estudos.

Director/a:

- Dirixir e coordinar todas as actividades do centro.
- Coordinar a elaboración do PE e PXA.
- Convocar e presidir os actos académicos, CE, claustro, CCP,...
- Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impor as medidas disciplinarias que correspondan ao alumnado, en cumprimento da normativa vixente sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar (LOMLOE).

Secretario/a:

- Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do centro.
- Custodiar os arquivos do centro.
- Dispor a utilización de calquera material inventariable do centro.

As funcións do profesorado de apoio serán aquelas que, segundo a súa dispoñibilidade horaria, lle sexan encomendadas pola dirección, a proposta do D.O.

6.1. MEDIDAS ORDINARIAS

MEDIDA	RESPONSABLE	ESPAZO	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
Desdoblamento de grupos	Equipo directivo, DO, Titoras e apoios EI.	Aulas	Inicio de curso	Informe da xunta de avaliación
Reforzo educativo	Titoras e profesorado con dispoñibilidade horaria	Aula	Durante o curso	Criterio do docente
Programas de enriquecemento curricular	Equipo directivo, DO, tutoría, apoio a EI.	Aula	Durante o curso	Documento de traballo
Apoio do profesorado dentro da aula	Profesorado con dispoñibilidade horaria	Aula	Durante o curso	Acordados con tutoría
Programa de habilidades sociais, benestar emocional e mellora da convivencia	DO, tutoría	Aula	Durante o curso	Determinado pola actividade

6.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

MEDIDA	RESPONSABLE	ESPAZO	TEMPORALIZACIÓN	RECURSOS
ACS	Equipo docente, DO Equipo directivo, IE	Aula	1º trimestre elaborac. desenvolvemento do curso	Persoais e materiais (os necesarios)
Agrupamento flexible	Equipo directivo, DO, IE	Aulas	Inicio de curso	Tutoría e mestre que imparte (coordinación)
Apoio PT/AL	PT, AL, DO, tutoría, Equipo directivo	Aula e aula PT/AL	Durante o curso	Os establecidos no programa de intervención de cada alumno.

Flexibilización	Titoría, DO, Equipo directivo, EOE, IE		Ao remate do curso	Persoais e materiais (os necesarios) Documento ACS
Modalidade de escolarización (combinada)	Titoría, DO, Equipo directivo, EOE, IE		Durante o curso	Plan de coordinación entre o profesorado de ambos centros.
Atención educativa domiciliaria e hospitalaria	Titoría, DO, Equipo directivo, EOE, IE	Domicilio, centro hospitalario	Ao remate do curso	Plan de coordinación co profesorado externo
Grupo de adquisición de linguas	Titoría, profesorado con dispoñibilidade horaria, XDO.	Aula	1 Trimestre	Persoais e materiais que sexan precisos.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

7.1. MECANISMOS DE COORDINACIÓN INTERNOS E COS CENTROS DE ADSCRICIÓN

Ao comezo do curso, preferentemente antes do inicio do período lectivo ou en xuño despois do remate das clases programaranse reunións de coordinación entre titores/as que tivera alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no curso anterior e os novos titores/as dese alumnado nos centros de adscripción os que vaia o noso alumnado. Estas reunión terán como fin compartir información significativa sobre estes alumnos/as.

No mes de xuño levarase a cabo unha visita do alumnado que pasa de 6º de EI a primaria, facendo un acompañamento por parte das respectivas titoras e a orientadora. Coa finalidade de que os alumnos coñezan os seus respectivos centros e facilitar por ende o cambio dunha etapa a outra.

Ao longo do curso académico levaranse a cabo as seguintes reunións de coordinación:

- Reunión trimestral do Departamento de Orientación. A pesares do establecemento dunha reunión o trimestre para valorar a evolución do alumnado atendido. A coordinación entre o orientador/a, mestres/as de AL e mestre/a de PT será diaria a través de diferentes medios (correo electrónico, telefónica...) establecendo unha reunión, presencial cando menos, de xeito quincenal.
- Sesións trimestrais de avaliación.
- Reunión trimestral da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Reunión/comunicación cos centro de Educación Primaria o que acudirá o noso alumnado.
 - Reunións periódicas co Equipo Directivo, o profesorado de apoio e os equipos docentes que incidan nun grupo con alumnado con necesidades específicas.
 - Reunión coas familias, grupal ou individual, dependendo da casuística a tratar.

7.2. REUNIÓN COS CENTROS DE ESCOLARIZACIÓN COMBINADA

Establecerase comunicación fluída, con carácter trimestral, de forma preferentemente presencial. A maiores o contacto será constante a través de medios electrónicos, incluíndo ao DO e a titoría do alumnado implicado.

7.3. REUNIÓN COS PROFESIONAIS QUE ATENDEN ALUMNADO EN ATENCIÓN DOMICILIARIA OU HOSPITALARIA

Establecerase comunicación fluída, cunha temporalización previamente acordada segundo o plan elaborado. Ademais, o contacto será constante a través de medios electrónicos, incluíndo ao DO e a titoría do alumnado implicado.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

8.1. COLABORACIÓN CON FAMILIAS OU TITORES LEGAIS

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado:

- Un dos principios que rexerá a atención á diversidade será a participación de toda a comunidade educativa.
- As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa.
- As familias do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas a adoptar para a súa atención nos centros educativos.
- O centro debe promover a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
- O ditame de escolarización para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, realizado pola xefatura do DO, irá acompañado, entre outros aspectos, pola opinión das nais, pais ou titores e titoras legais respecto da proposta de escolarización.
- As familias deberán ser informadas dos procedementos para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado e dos resultados desa identificación e valoración, así como, de ser o caso, da aplicación das actuacións e medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas.
- Os servizos de orientación deberán asesorar á comunidade educativa nos procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, na súa valoración, nas medidas educativas a adoptar e na súa avaliación.
- Os servizos de orientación darán a coñecer á comunidade educativa os procedementos para a demanda de elaboración de avaliacións psicopedagóxicas.
- As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado deberán ser informadas dos resultados das avaliacións psicopedagóxicas e das medidas propostas, tendo dereito a obter copia do informe psicopedagóxico nas condicións que estableza a Consellería de Educación.
- Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado en todas aquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos a: mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. Nos

documentos de organización, xestión e funcionamento do centro deberán recollerse actuacións destinadas a esta finalidade.

- As familias do alumnado deberán colaborar no proceso de avaliación inicial do alumnado así como no das posibles avaliacións psicopedagóxicas.
- Os centros docentes promoverán a posta en marcha de programas familia-escola e/ou das medidas que correspondan para que as nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado reciban información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros.
- A obtención e o tratamento dos datos persoais do alumnado, das nais, pais ou titores e titoras legais deste, en especial os que figuren nos documentos oficiais, a súa cesión duns centros a outros e a adopción de medidas que garantan a seguridade e a confidencialidade dos devanditos datos, someteranse ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Cauces de participación:

- Xornada de portas abertas e plan de acollida para familias de nova incorporación.
- Entrevistas: tendo en conta que os obxectivos variarán en función do momento e a razón da mesma. Ademais o centro conta con un instrumento común de recollida de datos para todo o alumnado, que as titoras empregan para a recollida de información inicial na entrevista que se mantén con cada unha das familias. Sen esquecer a necesaria protección destes datos.
 - Entrevista inicial: búscase un intercambio de información. Neste primeiro encontro os pais terán a oportunidade de coñecer o centro, o profesorado,... O centro poderá rexistrar datos persoais, historia clínica, hábitos e actitudes, escolarización anterior,...
 - Entrevistas posteriores: para solicitar a información que nos sexa necesaria e trasladar datos aos pais sobre o proceso de adaptación do neno, aceptación no aula, nivel de aprendizaxe,...
- Reunións: as que sexan necesarias ao longo do curso con calquera dos implicados no proceso educativo do neno, principalmente co titor/a e orientador/a.
- Encontros informais: ás veces non é sinxelo concertar entrevistas ou reunións polo que deberemos aproveitar certas ocasións, por exemplo as saídas ou entradas no centro...
- Informes de avaliación: a través dos que se lles fará chegar información aos pais sobre o proceso educativo dos nenos/as.
- Outros: chamadas telefónicas, notas, compromisos educativos, axendas...

Todo o profesorado do centro ten reservada no seu horario unha hora semanal para atención presencial ás familias que será os martes de 15.30 a 16.30 horas e nas sesións dos especialistas en horario de mañá, previa cita. A pesares de ter marcada esta franxa horaria, todo o profesorado se adaptará dentro das horas dispoñibles para poder atender as familias que por motivos laborais non poden acudir dentro do horario sinalado.

8.2. COLABORACIÓN CON INSTANCIAS EXTERNAS

Programaranse reunións periódicas coas organizacións e servizos externos que asisten a alumnado do centro tendo en conta o establecido no Protocolo de Protección de Datos, elaborado pola Consellería. Consideramos servizos externos:

- Servizos Sociais, sempre que no centro este matriculado alumnado en seguimento por este servizo ou dende o centro se estime oportuno a comunicación.
- Servizos Sanitarios: cando estes demanden a realización de informes, ou cando dende o DO se estime necesario derivar alumnado.
- Administración: facilitarase aquela información que sexa solicitada para dar resposta á atención á diversidade.
- Asociacións ás que pode acudir o alumnado para recibir algún servizo de acordo coas súas necesidades educativas específicas: ONCE, Cruz Vermella, ASPANAES, BATA...
- Gabinetes externos aos que poida acudir o alumnado, de acordo coa concesión de becas do MEC (a familia debe autorizar este intercambio de información).

Comunicación a outras administracións públicas ou institucións

Poden destacarse as seguintes situacións:

- Cambio de centro educativo
- Cesión ao Defensor del Pueblo, ao Ministerio Fiscal, aos xuíces ou tribunais ou ao Tribunal de Contas, no exercicio das funcións que ten atribuídas, ou a institucións autonómicas con funcións análogas ao Defensor do Pobo ou ao Tribunal de Contas.
- Cesión a outras administracións (servizos de benestar, servizos sanitarios, servizos de menores, etc).
- Forzas e Corpos de Seguridade.
- Equipos de Orientación Específicos.

8.3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica por parte da orientadora do centro, poderase solicitar a intervención do EOE de acordo aos seguintes pasos:

- Completar a ficha de solicitude.
- Xuntar o informe psicopedagóxico.
- Tramitación ante IE co visto e prace da dirección do centro.

Ver modelo en Anexo de solicitude en Anexos

9. PROTOCOLO DE DERIVACIÓN DO ALUMNADO AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Cando un alumno/a comece a manifestar dificultades na súa aprendizaxe, o mestre/a adoptara as medidas ordinarias de atención individualizada, apoio e reforzo educativo para atender ás mesmas. Se, a pesares destas medidas, as dificultades persisten e son significativas poderá solicitar que o Departamento de Orientación valore ao alumno/a.

Para demandar esta intervención, o titor/a deberá cubrir unha solicitude que lle proporcionará o orientador/a (modelo de demanda recollino nos anexos do presente plan) na que, ademais dos datos persoais e académicos do alumno/a, se informará sobre o nivel de competencia curricular nas áreas instrumentais, estilo de aprendizaxe, necesidades educativas e accións desenvolvidas ata o momento, entre outras. O procedemento de actuación será como segue:

- 1º** O titor/a informará á familia ou titores legais sobre a necesidade de valoración do alumno/a. Previamente a calquera actuación a familia/titores legais serán debidamente informados tamén por escrito amosando o seu acordo ou non ante dita intervención, para que o Departamento de Orientación faga a pertinente valoración.
- 2º** O orientador/a realizará a debida avaliación psicopedagóxica coa participación, se fora necesario, dos mestres especialistas en AL, PT ou do Equipo de Orientación Específico. No caso de solicitar a concorrencia deste comunicaráse á familia quen manifestará por escrito o seu acordo ou desacordo.
- 3º** Unha vez rematada a avaliación o orientador/a informará sobre o resultado ao titor/a, quen informará á familia e ao resto do profesorado que incide no grupo. No caso de precisar o apoio de profesorado de PT e/ou AL a familia expresará por escrito o acordo ou desacordo con respecto a esta medida.
- 4º** Se fora o caso, o orientador/a elaborará o pertinente informe psicopedagóxico que se incluírá na carpeta do alumno/a no Departamento de Orientación e se xuntará ao seu expediente académico.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesario o informe xustificativo do correspondente servizo de orientación e/ou segundo procedo a autorización da dirección do centro, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que corresponda, e cando cumpra, do Ministerio de Educación(D.229/2011 art 9.2). Para a aplicación das medidas extraordinarias que sexan pertinentes estas deberán aparecer reflexadas no informe psicopedagóxico do alumno (como pode ser o caso da atención de PT e AL).

10. MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROTOCOLOS ESTABLECIDOS POLA CONSELLERÍA

En canto as medidas a aplicar para desenvolver os diferentes protocolos establecidos pola consellería no noso centro podemos destacar en liñas xerais as seguintes:

- Nas reunións Trimestrais da CCP levarase a cabo unha análise das programacións didácticas valorando se estas se axustan adecuadamente as necesidades do alumnado.
- Durante o mes de setembro, antes do inicio das clases, programaranse reunións de coordinación de titoras e especialistas coa xefatura do DO. Co fin de analizar as programacións de aula e dar pautas sobre a súa elaboración tendo en conta que inclúan medidas de atención a diversidade como:
 - o Proporcionar a información de xeito o máis claro posible, con frases curtas e asegurando a comprensión, emprego de técnicas como modelado e imitación, secuenciación das tarefas en pasos sucesivos (moldeamento), emprego de claves visuais, apoio directo só cando se necesite, valoración do esforzo máis que do resultado, potenciar a autonomía, priorizar aprendizaxes funcionais, colocar indicadores visuais/pictográficos para favorecer unha axeitada orientación espacial, dotar as biblioteca de aula con libros de lectura fácil (por exemplo os da colección “El Zorro Rojo), elaborar materiais para a estimulación multisensorial, adecuación da estrutura organizativa das aulas seguindo de xeito predominante o método Teacch, procurar sempre un ambiente fixo, predicible e rutineiro (por exemplo no caso de alumnado TEA), recursos para o enriquecemento do currículo...
 - o Dicar en relación con isto que tanto a organización como a metodoloxía aplicada nas seis escolas favorece xa en gran medida a aprendizaxe inclusiva e individualizada, posto que todas as aulas empregan nas súas dinámicas o traballo en grupos cooperativos con reforzos positivos e traballo tamén por ambientes de aprendizaxe con recantos de libre circulación, mantendo sempre un ambiente moi rutineiro.
- Reunións semanais coas titoras para axustar as medidas aplicadas as necesidades do alumnado, tendo as directrices dos diferentes protocolos elaborados pola consellería.

- Aprobación no claustro de pautas comúns con respecto a avaliación tendo en conta que o tratarse de EI esta levarase a cabo fundamentalmente a través da observación directa e das producións que os alumnos realicen na aula.
- Contacto con asociacións especializadas para recibir asesoramento (Once, ASPANAIS, BATA, DOWN Galicia, TDAH Salnés...).
- Seguir dotando o centro coa axeitada supresión de barreiras arquitectónicas e con materiais adaptados, segundo as características do alumnado en cada curso escolar (materiais para relaxación, desenvolvemento motriz, traballo das funcións executivas e procesos psicolóxicos básicos...).
- Organización de xornadas de formación para o profesorado relacionadas coa atención a diversidade, podendo enmarcarse estas dentro das liñas de PFPP que haxa no centro cada curso.

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Revisaranse as medidas postas en marcha para a atención das necesidades específicas do alumnado, analizando tanto as medidas organizativas como as curriculares, incluíndo os recursos persoais e materiais, a intervención educativa, a implicación dos distintos profesionais, os procedementos de información ás familias, a intervención das mesmas na consecución dos obxectivos educativos dos fillos/as ao longo do curso. Para iso empregaremos tanto as reunións do DO como a CCP.

Ao final de curso o equipo directivo será o responsable de realizar a avaliación do PXAD, para comprobar a súa adecuación á realidade do centro e deseñar as modificacións necesarias.

Ao remate de curso o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria do PXAD, na súa concreción anual, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Dpto. de Orientación e, polo tanto, á memoria anual do centro. Teranse en conta os datos achegados polo profesorado especialista en PT e AL, os proporcionados polas titorías, mestres especialistas e equipo directivo. Estableceremos dous niveis na avaliación:

- Avaliación dos resultados dos ANEAE afectados polo plan para o curso escolar.
- Avaliación do propio plan, analizando a adecuación á realidade do centro xuntando propostas de mellora cara o vindeiro curso, conforme aos seguintes indicadores:
 - Grao de consecución dos obxectivos propostos
 - Avaliación das actividades propostas
 - Participación e satisfacción das persoas implicadas nas actividades
 - Grao de consecución das demandas realizadas polo departamento
 - Adecuación da temporalización prevista.

A comezo de cada curso e en función das propostas da memoria anterior, o departamento de orientación elaborará a proposta da concreción anual do PXAD, que deberá formar parte da PXA. O equipo directivo velará polo seu cumprimento.

12. ANEXOS:

- Concreción anual PXAD
- Solicitud de demanda intervención do D.O.
- Información ás familias para realizar a avaliación psicopedagóxica
- Modelo de informe psicopedagóxico
- Consentimento das familias para o intercambio de información cos servizos externos

- Rexistro da entrega do Informe as familias
- Información e autorización para a prestación de apoios
- Programa de Intervención Individualizado (modelo-base)
- Modelo informe de avaliación final (AL/PT)
- Modelo comunicación do remate de apoios (Altas)
- Modelo previsión de apoios para o vindeiro curso
- Autorización para intercambio de información con servizos externos
- Modelo de Informe para o ditame de escolarización
- Modelo de derivación a Servizos Sociais
- Modelo de ACS
- Modelo Horarios PT/AL E ATE
- Modelo listaxe alumnado NEAE
- Solicitud intervención EOE.